

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado e Portavoz S., **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Coa data do 23 de xaneiro foi admitida no Valedor do Pobo, a queixa presentada polo sr. Fernández González, indicando que a nova Lei 13/2013 de caza de Galicia permite “disparar, portar armas cargadas e cazar en estradas asfaltadas. Que está permitido cazar en calquera estrada asfaltada cando non este sinalizada como nacional, provincial, ou local, supoñendo un grave risco para a vida dos residentes en numerosos pobos de Galicia, que utilizan estas estradas para saír ou chegar aos seus domicilios”.

A cuestión formal que formula esta queixa de 16 de febreiro, é a práctica da caza en vías de comunicación asfaltadas, que a nova Lei 13/2013, de caza de Galicia, permite en contraste coa anterior lei que a limitaba a sendeiros pouco frecuentados e sempre que as condicións de seguridade o permitiran.

No apartado 2, letra a), do artigo 42, considéranse como zonas de seguridade as vías públicas, entendéndose como tales, para os efectos desta lei, as vías férreas, as autoestradas, as autovías, as vías para automóbiles e as estradas convencionais que se encontren debidamente sinalizadas como tales, sexan de titularidade estatal, autonómica ou local, así como as súas marxes e zonas de servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliadas nunha franxa de 50 metros de largura a ambos os lados do eixe da vía e, se estiveren pechadas, a 50 metros do peche.

Defínese no apartado 1 o que se entende por zonas de seguridade. No apartado 1 defínese as zonas de seguridade no xeito seguinte:

“Son zonas de seguridade aquelas áreas en que deban adoptarse medidas precautorias especiais, con obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e dos bens.”

Á vista do exposto, o Valedor do Pobo, no exercicio da función atribuída no artigo 32.2 da lei autonómica 6/1984, formula á administración cinexética a seguinte RECOMENDACIÓN:

“Debe desenvolverse pola vía normativa que estime procedente, o criterio interpretativo principal para considerar unha vía pública como zona de seguridade a efectos cinexéticos.

Asemade, semella oportuno impulsar o procedemento de declaración dun terreo como non cinexético para os efectos establecidos no artigo 37 da lei 13/2013, de caza de Galicia.”

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que leve a cabo á maior brevidade, a recomendación do Valedor do Pobo adoptando as modificacións legislativas e normativas precisas.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G. P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 22/06/2015 11:10:27